

## ***A propósito de Herminio Barreiro***

Xavier CASTRO

*Universidade de Santiago de Compostela*

Estas breves liñas están dedicadas a quen foi un amigo moi achegado e benquerido, a quen tiveron a fortuna de tratar no derradeiro tramo da súa vida, que comprende aproximadamente os últimos vintecinco anos: Herminio Barreiro. Están escritas cun talante evocador e un chisco saudoso, e talvez parezan tinguidas cun certo aire rousseauniano, ao xeito das “Ensoñacións dun paseante solitario”. Son estas as lembranzas e cavilacións dun seu amigo, contento —nin que dicir ten— de estar aínda con vida e atristurado tamén por estar un pouco máis só (ambigüidades da urdime sentimental trabada no magma da conciencia dese “eu” complexo que nos constitúe, do que nos falan narradores como Javier Marías, na súa recente novela *Los enamoramientos*). Irán combinados estes comentarios con algunhas alusións á figura do conspicuo pensador Jean-Jacques Rousseau, que marcou profundamente o quefacer intelectual de Herminio, como se percibe nunha parte estimable da súa produción científica e quedou patentemente reflectido así mesmo nas súas memorias. Dou en pensar que tamén poderá ter algún interese establecer unha sorte de parangón entre ámbolos dous, a xeito de “vidas paralelas”, aínda que sexa en esbozo, contrastando o xenio e figura do meu amigo coas calidades do seu ilustre mentor, reparando nomeadamente no que ámbolos dous plasmaron por escrito nas súas memorias: nada menos que unhas “*Confesións*” no caso do xenebrino, e unhas máis recatadas lembranzas no que concirne ao meu amigo.

Tras varias conversas con el, non moi demoradas nun principio, compartidas con outros amigos comúns, comecei a tratar dun xeito estreito a Herminio con ocasión dunha viaxe a Barcelona onde nos desprazamos un feixe de amigos para asistir a un congreso convocado pola Sociedade Española de Historia da Educación en 1984. Fomos en dous coches varios profesores da especialidade que eran amigos meus, entre os que estaban Narciso de Gabriel e Antón Costa. No coche, nas paradas polo camiño e nos momentos de lecer pola cidade condal, falamos moito e tivemos ocasión de constatar o que son os azares insólitos da vida. De volta, compartimos habitación nun hotel de camiño. Había que aforrar, pois daquela non andaba a nosa economía moi boiante nin as axudas da universidade para desprazamentos a congresos eran o que logo foron, e por iso non collemos alcobas individuais. Herminio queixouse nalgún momento da nosa precariedade relativa —“¡O puñetero diñeiro!”, exclamou desgustado—, en particular cando nos privamos de entrar nun determinado restaurante tentador, en Tolosa, creo recordar. Antón Costa administraba o fondo común cun espírito no que se mesturaban a austeridade franciscana coa

severidade espartana, e non estaba disposto a permitir dispendios de *gourmets*, aínda que ben mirado non pasaban de ser catas nalgunhas especialidades de cociña rexional. Aínda bo foi que en Barcelona puidéramos asistir a un estimulante espectáculo de cabaré, que nos impresionara pola espléndida coreografía de que facía gala. Pero non hai mal que por ben non veña, e foi grazas a este réxime de austeridade que puideron ter unha demorada conversa privada con Herminio cando partillamos habitación. Na miña calidade de profesor bisoño representou unha oportunidade moi estimulante poderlle expresar as miñas coitas e inqedanzas pedagóxicas, cando andaba á procura dun estilo docente na Escola de Maxisterio de Ourense na que profesaba. Deume valiosas pistas e suxestións, pero o do “estilo docente” é algo que aínda hoxe ando á procura.

Herminio tiña calidade de escoita. Paréceme que cumpría a equilibrada regra do *fifty / fifty*: a metade do tempo falar, a outra metade escoitar. Pasoume o mesmo que a outras moitas persoas, quedei engaiolado pola súa sinxeleza e ausencia total de pedertería, cousa infrecuente no ámbito académico. Eran moi salientables nel a cordialidade e a calidez na amizade. Era ademais de moi bo trato, por ser xovial, de talante optimista, provisto de sentido do humor e de simpatía. Tampouco o seu saber tiña nada do estiramento académico usual, e era ademais ben pouco especializado; pola contra, era notablemente diverso, consecuencia dunha curiosidade universal e a conseguinte amplitude do seu abano de lecturas. Nas nosas conversas eu procuraba dedicar un apartado para preguntarlle polo que estaba lendo; sempre compaxinaba a lectura de varios libros a un tempo —cousa moi propia dos bos letraferidos, xente que sente correr tinta en ves do sangue polas veas—. Facía un percorrido somero por todos eles, dando algunha pincelada descritiva, pero sen deterse demasiado. Na conversa informal, non gustaba de pararse e afondar nun tema concreto, fose un libro ou ben outro asunto. Non gustaba de ficar ancorado nun caladoiro concreto. O seu espírito amaba a diversidade. E isto facía moi amena a súa conversa. Falaba das cousas, falaba del —era discreto, mais non reservado— e tamén preguntaba polo seu interlocutor, interesándose de certo pola vida dos demais. Xa que logo, non incorría na actitude característica dos prepotentes, que cando se senten máis importantes que os seus interlocutores, por ostentaren se cadra un rango académico superior, endexamais preguntan polo que lles pasa aos demais, aos que teñen por mindunguis, admitindo unicamente os seus asuntos como tema de conversa.

Herminio practicaba con sabedoría a arte do diálogo e estaba tamén dotado dunha excelente memoria que nutría o seu discurso. Tampouco convén esquecer que ademais falaba ben e podía ser moi elocuente, persuasivo e mesmo sedutor. Neste senso, librouse dos padecementos de Rousseau, que sufriu moito por iso ao traveso da súa vida e chegou a sentirse indefenso nalgunha ocasión crítica, por mor da súa torpeza como orador, como el mesmo recoñeceu.

O meu amigo era un home conciliador e contemporizador. Resultaba certamente difícil entrar en conflito con el, pois el adoitaba esguellar as tensións nas súas relacións persoais. Eu teño isto por virtude, pero nalgún caso debo recoñecer que me pareceu cáseque defecto no meu amigo, por semellarme condescendente de máis. Claro que probablemente o

defecto será máis ben meu, xa que por veces non podo evitar que algunhas pingueiras de sangue xacobina me enturben de súpeto a razón... Herminio esquivaba, non sen cortesía, ás persoas que non lle simpatizaban, como fixo con algún historiador, segundo tiveron ocasión de constatar. Mais Herminio adoitaba ser un home ben temperado. Non se deixaba tentar pola vaidade nin apenas pola ambición, quizais pensando con Borges, que, ao cabo, non somos máis que “o olvido que seremos”. Teño para min que esta actitude lle aforrou algúns problemas, pero tamén limitou se cadra o seu horizonte profesional. Poño por caso, non quixo expoñerse a pasar polo trago, que presumía abafante —“Non estou disposto a que me xulguen”, dicía—, dunha oposición a cátedra de Universidade. En termos xerais, a súa actitude comedida, prudente, morixerada, aforroulle pesares na vida. Teño a impresión de que a súa existencia discorreu sen graves contratemplos. Agás a expulsión do corpo do maxisterio e o encarceramento que padeceu o seu pai, traxedia que pairou sobre os seus anos de infancia. E por suposto, o calvario da enfermidade (en realidade dúas doenzas sumadas) polo que tivo que pasar durante case os dous últimos anos da súa existencia. Pensándoo ben, no capítulo de amarguras, non foi isto último grao de anís precisamente!

Foi notable o pudor e a discreción con que afrontou a enfermidade, quitándolle importancia e evitando a toda costa o vitimismo. Afrontou a morte con estoicismo, e creo que sen excesivo pánico, tal como preconizaba Montaigne —outro dos *maître à penser*, para os “afrancesados” como Herminio— nos seus *Essais*; escritor, por certo, con quen quizais tivo Herminio maior similitude de rexistros que con Rousseau. Case ao remate dos seus días, comentoulle a Narciso de Gabriel, cando este conseguiu velo, superando o pudoroso muro defensivo do que se arrodeou: “Vivín o que tiña que vivir”. Díxolle isto sen patetismo, nun momento en que estaba a recibir coidados tan só paliativos na fase terminal da súa enfermidade.

Porén, era Herminio unha persoa leda e afectuosa con todos, non só coa familia —á que quixo de maneira especialmente intensa—, en franco contraste cos que padecen a cardiopatía social de restrinxir o amor e a lealdade ao estrito ámbito familiar, e alén del parécelles ben que impere o frío imperio da selva. Foi amante da vida e dos goces que esta pode ofrecer: unha boa comida, un bo viño e naturalmente tamén os praceres sociais, como a conversación. Amoláballe a contabilidade *cicatera* e benthamiana, o feito de ter que privarse de praceres, como o de comer os pratos propios nun restaurante aceptable da localidade pola que pasábamos, como xa mencionei. Gustábanlle a cervexa, o viño —nomeadamente o albariño elaborado polo seu pai, en Sisán—, o ron, que probablemente lle recordaba a Cuba e a súa revolución, coa que simpatizou abertamente ata o final dos seus días. Tampouco lle puña reparos ao whisky, desouvindo as voces que tildan de imperialista a este licor destilado. En resumidas contas, eu vexo a súa figura aureolada cun halo de razoable e simpático hedonismo. Nunha ocasión comentoume unha *boutade* que lle fixera moita graza do novelista e crítico de arte, John Berger, segundo a cal, nesta a vida un non pode conseguir a todas as mulleres que desexa. Pero hai que intentalo!, dicía.

Agora ben, aínda sendo de mentalidade aberta e crítica, tiña as súas ancoraxes ideolóxicas. Pasoulle co marxismo, ao que mantivo a súa adhesión contra vento e marea ata o

remate da súa vida, namentres que a inmensa maioría dos que nos reclamábamos adherentes de dito credo revolucionario, e éramos un pouco máis novos, abandonábase de mellor ou peor grao, e non sen sentirmonos desencantados, ese vello galeón que víamos que quedara penosamente desbarborado polas galernas da Historia. Creo que foi esta unha cuestión xeracional, que afectou a moitos dos máis senlleiros expoñentes da súa quinta: a Vázquez Montalbán, por mencionar un caso resoante. Eu aturaba tamén mal a súa adhesión ao castrismo nestes últimos anos, cando a fiasco da revolución se fixo evidente e o afán autoritario de Fidel Castro por manterse a ultranza no poder semellábase —e síguese me parecendo— repudiable. Sobre estas cuestión eu non conseguía entablar un diálogo sosegado con Herminio, que se sentía probablemente acuciado polas críticas enconadas de moita xente, polo que a respecto disto eu atíñame á discreta máxima que proclama que a mellor palabra é a que non se di.

Remexer na memoria non lle facía particular graza a Herminio, e aínda así resolveuse a escribir as súas lembranzas —que teñen, por certo, moi pouco de autobiografía íntima—, ao que se determinou antes de saber que padecía dúas enfermidades graves superpostas: unha do corazón, que foi a primeira en manifestarse, e dun xeito brusco e inesperado: namentres agardaba na cola dunha entidade bancaria doulle un desmaio que provocou a caída ao chan, no que bateu coa cabeza dándose un golpe serio; a outra, a leucemia, que el pudorosamente se negou a desvelar aos seus amigos, dicíndonos que só padecía unha anemia. Decátome agora de que quizais xa barruntaba entón algún mal, e comezaba a ter conciencia dos límites do seu horizonte vital previsible (como temos todos a partir dos cincuenta anos), agudizada ademais polo feito de advertir esporadicamente algúns preanuncios fisiolóxicos a xeito de molestias varias, ou “corpo desgustado”, para dicilo cunha expresión divulgada polo doutor García Sabell na súa pescuda verbo a antropoloxía médica do doente galego. Dixérame nunha ocasión, cando tomábamos unha caña no restaurante Caney: “A diferenza entre a mocidade e a vellez é que cando eres novo o corpo é como se non existira, non dá ningún sinal de trastorno e dispós del á túa libre vontade. En cambio, cos anos, o corpo non para de manifestarse suscitando malestar. Por exemplo, eu agora mesmo sinto molestias nun pé”.

Herminio declaraba paladinamente, xa no título das súas memorias, que “recordar doe”. A relación do seu ilustre mentor intelectual, Jean-Jacques Rousseau, co seu pasado tampouco foi moi doada. En efecto, Rousseau sinalaba sobre esta cuestión que

los dulces recuerdos de mis bellos años, pasados con tanta tranquilidad como inocencia, me han dejado mil gratas impresiones, que me halaga de continuo recordar. Pronto se verá cuán diferentes son los del resto de mi existencia. Recordarlos es renovar su amargura. Lejos de agríar la de mi situación con estos tristes recuerdos los evito cuanto puedo; y a veces lo he logrado hasta el punto de no poder hacerlos revivir cuando me ha convenido. Esta facilidad de olvidar los males es un consuelo que el cielo me ha concedido en medio de los que un día la suerte debía acumular sobre mi. Mi memoria, que únicamente me recuerda los objetos agradables, es el feliz contrapeso de mi espantada fantasía, que sólo me hace prever desdichas en el porvenir<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Jean-Jacques Rousseau, *Las confesiones*, Edición Electrónica de [www.philosophia.cl](http://www.philosophia.cl) / Escuela de Filosofía Universidad ARCIS, p. 170.

Porén, como memorialista, Herminio sitúase nas antípodas de Rousseau. Este declaraba expresamente cales eran as súas pretensións: “El verdadero objeto de mis confesiones es hacer comprender exactamente mi interior en todas las situaciones. He prometido la historia de mi alma; y para escribirla con fidelidad, no necesito otros recuerdos: me basta, como lo he hecho hasta aquí, entrar dentro de mi mismo”<sup>2</sup>. Manifiesta con rotundidade que desexa facer unha obra novidosa no seu xénero: confesar de xeito franco e non apoloxético a súa vida, incluíndo non só os seus feitos e avatares senón tamén os seus sentimentos e desexos. Sen omitir erros, limitacións e carencias, desencantos, fobias, desventuras e miserias. Herminio, en cambio, declaraba algo que doadamente pode constatar quen se achegue ás súas memorias: “Eu falo dos demais, das cousas que pasaron, pero de min mesmo apenas falo”.

O meu amigo tiña unha actitude intelectual peculiar. A propia dun humanista, da caste dos que se adoita dicir que “todo o humano lles interesa”. Era dinámico e activo, pero moi pouco inclinado a promover proxectos (seminarios, congresos, etc.); en cambio, sempre estaba dispoñible para prestar a súa colaboración en cantas actividades o invitaban a intervir. Tamén me parecía a min un chisco disperso e un algo preguiceiro: entregábase a ver espectáculos deportivos e películas sen límite nin taxa pola televisión, nomeadamente cando puido dispoñer dunha antena parabólica que aumentou sensiblemente a oferta de programas en diversos idiomas. Se cadra a súa actitude intelectual non difería moito da de Rousseau cando se autodefinía como un preguiceiro activo:

Ni siquiera tenía un sueldo de renta; pero tenía un nombre y conocimientos; era sobrio y me había desprendido de todas las necesidades más dispendiosas, que son las que nos impone la opinión. Además de esto, a pesar de mi natural pereza, era laborioso cuando quería serlo; y mi pereza no era tanto la de un hombre amigo de no hacer nada como la del que quiere ser independiente y le gusta trabajar a su voluntad. Mi profesión de copista de música no era brillante ni lucrativa; pero era segura. El mundo me aplaudía por haber tenido el valor de abrazarla. Podía estar seguro de que no me faltaría trabajo, y trabajando mucho podía ganar lo suficiente para mí. Todavía me quedaban dos mil francos del producto de *El adivino* y de mis otros escritos que me permitían no vivir con estrechez; y muchas obras que tenía encargadas me prometían poder trabajar a mi gusto, sin cansar a los librerías, sin excederme y aun aprovechando la ociosidad del paseo. Mi servicio, compuesto de tres personas, que todas se ocupaban en algo de utilidad, no era muy costoso. En fin, mis recursos, proporcionados a mis necesidades y deseos, podían ofrecerme razonablemente una vida feliz y duradera en la posición que me había hecho escoger mi inclinación<sup>3</sup>.

Este texto ilustra ao propio tempo cal era a actitude de Herminio ante as cuestións económicas, nas que me parece que puña unha atención máis ben escasa. Era unha persoa desinteresada, xenerosa e con moi pouca cobiza. Non aspiraba máis que a un campesiño “bon pasar”, era a súa unha actitude en parte horaciana (pero sen afastarse do mundanal ruído para levar unha descansada vida á sombra exemplar —sombra por excelencia, como é sabido— dos parrais), e dende logo moi rousseauniana no que toca ao xeito de vivir e afrontar a vida.

---

2 *Op. cit.*, páx. 171.

3 *Op. cit.*, páx. 246.

Abundando un chisco máis nesta índole de cuestións, temos que Rousseau sentía por veces unha “invencible preguiza”<sup>4</sup> (*sic*) —que recoñece explicitamente en diversas ocasións— para a tarefa da escritura e para o cultivo das relacións sociais, o que non poucas veces facía por obrigado compromiso, soñando sempre con retirarse ao campo, onde tampouco quixera recibir visitas importunas. E tamén pairou sobre o xenebrino nos últimos anos da súa vida a tentación de incorrer no síndrome de Bartleby, teorizado literariamente por Enrique Vila-Matas. En efecto, repetidas veces, en particular no tramo final da súa existencia, tivo a tentación de abandonar a literatura e a filosofía, actividades que tantas críticas, desgustos e persecucións lle carrexaron<sup>5</sup>.

Herminio era ante todo un pedagogo, un profesor vocacional; a investigación non era para el tan prioritaria. Gustáballe máis o traballo docente que implicaba un contacto humano directo e palpexante, para o cal posuía extraordinarias dotes de comunicador. Comentando a cuestión con algúns colegas que argüían que resultaba máis rendible dedicar a maior parte das enerxías á investigación (xa que estaba máis valorada e polo tanto era o máis axeitado para progresar na carreira docente), e soamente unha escasa fracción do tempo á docencia, el aducía que non o vía así, dando implicitamente prioridade a un valor máis xeneroso e nobre: sinalaba, en efecto, que un artigo de investigación o podían ler cinco, seis, vinte persoas; en cambio, nas clases era posible chegar a centos de mozos. Sentíase ben dando clase, e cumpridamente recompensado —dou en supoñer— ao recibir o testemuño de aprecio e estimanza dos estudantes, que nunca se esquecían del. Recordo que nunha ocasión en Cangas, un feixe de amigos constituímos en cooperativa un pequeno restaurante vexetariano e gastrocultural, que denominamos *Lume Manso*, que tamén realizaba actividades culturais. Cando estabamos a programalas eu mencionei a posibilidade de invitar a Herminio a que dese unha charla. Resultou que unha das socias, Maite, persoa encantadora e moi dinamizadora na vila, aprobou con entusiasmo a suxestión. Fora alumna del e sentía auténtica veneración por aquel profesor: “Chegaba a clase cargado cun feixe de fotocopias e dicíndolles aos alumnos segundo avanzaba polo corredor da aula: Tráiovos aquí un texto magnífico, xa veredes como vos vai interesar moito...”. E efectivamente —continuaba Maite—, “Herminio facía co seu entusiasmo que a historia da educación nos resultara moi interesante”. Ademais tiña a habelencia de combinar o discurso pedagóxico coa anécdota persoal, o que contribuía a salpementar o seu labor. Naquela ocasión estaba previsto que compartira a charla, despois dunha cea temperá, con Bernardino Graña, pero todo eran problemas. “E que eu non ceo”, dicíame Bernardino, e creo recordar que para Herminio tamén representaba un problema conducir o coche de volta para Santiago xa entrada a noite. Logrouse facer ao cabo o acto, e Maite seguiu con radiante satisfacción. Cando rematou o coloquio, díxome que se sentira encantada de ter escoitado de novo ao seu admirado profesor, e que por certo lle pareceu que conservaba o mesmo encanto de sempre.

---

4 *Op. cit.*, páx. 172.

5 *Op. cit.*, páx. 395 e *passim*.

A vocación docente, con reberetes de entusiasmo, se cadra un chisco devecido ao cabo, mantívooa Herminio mesmo nos derradeiros anos, namentres que as tarefas de escrita e de investigación xa non o atraían tanto. Pódese constatar neste aspecto un curioso paralelismo con Rousseau, quen na última etapa da súa azacaneada existencia abominou da literatura —polos problemas que lle carrexara— e incorreu no xa apuntado síndrome de Bartleby.

Como queira que nos situemos diante das lembranzas dun profesor que oficia de memorialista, non ten nada de particular que se prodiguen as referencias ao mundo escolar. Esta temática constitúe o seu *leitmotiv*, explícito e confeso. Os responsables desta publicación saberán disimular a inconveniencia de dicir o que a continuación segue nunha revista de historia do ensino, pero gustaríame poñer de manifesto o feito de que o teimudo andar a darlle voltas ao novelo das cuestións educativas, que adoitan estaren expresadas nunha xerxa tecnodidáctica, recoñezo que a min polo regular me cansa; o abuso de tales estilemas semella para min un asunto intelectual estomagante e latoso. Síntome incapaz de apreciar en tal abordaxe o palpexar vizoso da cultura. Agora ben, ao mergullarme nas memorias de Herminio non teño en absoluto esa sensación de chumbo derretido quantándome os miolos. Polo demais, no trato persoal non se producía tal polarización didactista. Teño por impagable beneficio que non fixera tal, pois os que teiman en falar sempre dunha mesma temática adoitan producir en quen os escoitan un fastío invencible. A conversa do meu amigo era extraordinariamente diversa e amena. Realmente era un estupendo conversador.

Non é casual que a temática da docencia revista tanta importancia nas memorias de Herminio. Teño a impresión de que se recrea con certa deleitación na evocación dos seus anos de infancia, na súa condición de discente. Esta paisaxe da escola pola que andou o “escolino” que Herminio foi, ten por veces unha impronta sentimental e un certo recendo bucólico: “En fin, tardes de inverno na escola, coa neve fóra. Pero tardes de abril e maio, dando clase no campo, á sombra dunha vella e inmensa cerdeira. Aquela árbore era unha metáfora da árbore da que falaba Manuel Bartolomé Cossío citando a Rousseau: o mellor lugar para unha escola é a sombra dunha árbore. Porque alí está o aire, alí está a auga e alí está toda a luz...”. E nesta mesma tesitura, aínda engade: “Lavando aquelas maravilhosas pizarras de man na fonte ou afiando o pizarrín nunha pedra de seixo. Momentos únicos en que si era posible evadirse do entorno e a sempre presente presión ambiental (...) e soñar na soedade do campo, á sombra dunha cerdeira, en primavera”.

Porén, neste tipo de cuestións teño para min que Herminio practicaba un rousseau-nianismo matizado. Certo é que estaba dotado dunha aguda sensibilidade para apreciar a beleza da paisaxe e recrearse nela. Todo cunha impregnación moi literaria, nomeadamente nos espazos naturais e as xeografías urbanas que ficaran troqueladas polos poetas que el amaba: Machado, Lorca, Uxío Novoneira, etc. No transcorrer das paseatas que fixen con el puiden decatarme de que el reparaba por veces nalgúns paxaros ou árbores que lle parecían senlleiros. Sorprendeume unha ocasión que admirara un dos formidables eucaliptos que medran na Ferradura de Santiago. Poucos galegos son quen de apreciar esta especie que introduciu en Galicia Frei Rosendo Salvado, a mediados do século XIX,

por medio dunhas sementes que plantou en Tui, a súa vila natal. Todos son a dicir que esta árbore invade en exceso os montes do país, ao amparo dunhas repoboacións produtivistas manifestamente abusivas. O paradiso sempre foi concibido como un lugar ameno no que impera a biodiversidade, e conseguintemente a variada foresta, e máis o bo clima, por certo. Unicamente recordo ter escoitado a outro Brais Pinto, Méndez Ferrín, dicir que tampouco había que pasarse no repudio dunha árbore de procedencia australiana, despois de todo medicinal e francamente vistosa, e que tampouco pasaba nada porque houbera unhas poucas ciscadas polo país adiante. Cando paso ao carón do fachendoso eucalipto da Ferradura de Santiago sempre me fai pensar en Herminio, que soubo reparar no seu esplendor incomprendido. Esta árbore lanzal que *se despreza* cara o ceo simboliza para min a Herminio, que por alí debe andar tamén.

Con todo e con isto, coido que Herminio non era tan bucólico e horaciano como Rousseau, que reitera teimudamente nas *Confesións* o seu ideal de vida campestre. Vexamos unha mostra:

Yo me sentía nacido para la vida retirada del campo y fuera de ella me era imposible vivir dichoso: en Venecia, con la marcha de los negocios públicos, la dignidad de una especie de representación y el orgullo de ambiciosos proyectos; en París, sumergido en el torbellino del gran mundo, la sensualidad de los convites, el brillo de los espectáculos, los humos de la vanagloria, siempre venían a arrancarme suspiros y a avivar mis deseos los bosquecillos, los riachuelos y mis paseos solitarios. Todos los trabajos a que había podido sujetarme, todos los proyectos de ambición que, como medios, habían animado mi celo, no tenían otro objeto que llegar un día a la paz campestre que en ese instante me lisonjeaba haber logrado<sup>6</sup>.

Nesta orde de cousas, teño noticia de que cando Herminio residía na casa dos pais, en Sisán (cada vegada máis asiduamente, conforme estes foron avellentando), onde sabía apreciar o bo viño albariño e o tinto espadeiro (unha rareza nos nosos días!) que facía o seu pai na adega familiar, non mostraba o menor interese pola xardineiría (nada máis distante da afección a herboristear que practicaba Rousseau). Cando o vían lendo ou descansando ao fresco no verán, e o instaban a facer algo, dicíndolle para animalo que así faría exercicio, retrucaba que el xa traballaba dabondo na Universidade, e que o que quería no campo era descansar. Se cadra, pensaba daquela nas fatigas que pasara de mozo desprazándose polas corredeiras pedaleando nunha pesada bicicleta de ferro e carente de marchas.

Agora ben, o meu amigo non era tampouco un urbanita clásico, afeccionado en exclusiva os praceres sociais que brinda a cidade. Aínda que eu nunca souben que fora afeccionado ao sendeirismo —cada quen ten unha visión parcial e incompleta das demais persoas, mesmo das máis achegadas—, entérome polo seu fillo David que era moi afeccionado as paseatas, e mesmo un incansable camiñante. Nisto a semellanza con Rousseau é completa, pois o xenebrino paseaba tanto e tan produtivamente que dicía el

---

<sup>6</sup> *Op. cit.*, páx. 246.



mesmo que pensaba cos pes. Nas excursións campestres adoitaba levar un caderniño e un lapis para ir anotando as reflexións e ideas que se lle ocorrían para os seus ensaios e os argumentos para as súas novelas. Por veces facía camiñadas cunha programación previa de temas de reflexión, aínda que tamén levaba a cabo algunhas outras cun propósito meramente recreativo.

Rousseau chegou ao último tramo da existencia sentindo gran pesar: desencantado da “quimera do amor” e mesmo desengañado da amizade. Sentía que os seus amigos lle fallaran:

Atormentado, combatido por tempestades de todo género, cansado de viajes y persecuciones durante muchos años, sentía vivamente necesidad del reposo de que mis bárbaros enemigos se complacían en privarme; entonces más que nunca deseaba esta amable ociosidad, esta dulce quietud de espíritu y de cuerpo que tanto había codiciado, y a la que limitaba mi corazón su felicidad suprema, vuelto en sí de las quimeras del amor y de la amistad<sup>7</sup>.

Non foi o caso de Herminio, quen se sentiu arroupado ata o remate da súa vida pola familia e polos seus numerosos amigos que moito o apreciamos. “E curioso —diciame—, normalmente cada quen anda por aí, cada un ao seu, pero cando acontece un feito grave, como a miña enfermidade, toda a familia se reprega e forma unha piña para protexer o membro afectado”. Sentíase feliz coa súa xente, que nunca lle escatimou o afecto. E certamente o meu amigo merecía, mais para todo hai que ter sorte na vida, e el tívoo: o amor nunca lle faltou.

En *Meiro-Sur-Mer*, como denominou Herminio a miña aldea cando veu pola casa e advertiu que dende alí resulta ben doado dexergar o mar. Verán do 2011.

---

<sup>7</sup> *Op. cit.*, páxs. 399-400.